

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS · Nº 32
MARZO DE 2020

LUÍSA VILLALTA

Muller de música e poesía



A. C. IRMÃOS
SUÁREZ
PICALLO



O claustro do recién nomeado IES Isaac Díaz Pardo en 1993. Entre outros, aparecen Luísa Villalta, Carlos López García-Picos, Manolo Crisanto, Cesáreo Sánchez Iglesias, Isaac Díaz Pardo ou Carmen Arias “Mimina”

A Asociación Cultural “Irmáns Suárez Picallo” quere agradecer as achegas aportadas polos autores e autoras para a realización deste Caderno, así como o material gráfico facilitado pola familia de Luísa Villalta xunto co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. E a Rubén Anido Regueiro ademais a súa coordinación.

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Dépósito Legal: C 815-2014

Tirada: 600 exemplares

comisionsuarezpicallo@gmail.com

<http://areal.gal>

Sada - marzo de 2020

Ilustración da portada: Ana Pillado

Limiar

Hai ocasións en que a palabra se materializa, torna case carne e, como a cousa máis natural do mundo, fai por pervivir. Algo así acontece coa obra literaria de Luísa Villalta, cuxas palabras, como unha sorte de río inacabábel, seguen a ecoar nos nosos ouvidos e na nosa sensibilidade, tan necesitada dun asideiro, dunha agarradeira ante tanta destrución e tanto caos.

A palabra de Luísa era unha palabra lenta mais incisiva, doce como unha canción de berce mais tamén profunda como a máis ancestral das filosofías. Quizais toda a súa produ-



ción, dun xeito ou doutro, reflecta a imposibilidade da permanencia persoal, sobre a que se proxecta, como lume en cabaña de monte nevado, a arte da propia individualidade, a vontade de ser por enriba do tempo, máis alá da materia e de todo aquilo que nos ata, como unha enredadeira, á terra.

Este caderno tenciona homenaxear a unha muller que marcou a toda unha xeración. Unha muller que, desde as aulas no seu querido instituto de Sada, ao igual que desde a súa obra literaria e desde a súa dedicación á música, procurou ser, simplemente, ela mesma, e facelo tan só como ela sabía: coa súa voz queda, quizais cun deixo de tímida tenrura, mais cunha estrela sempre presente no corazón, como o leme dun imaxinario barco á procura de horizontes esvaídos e cidades espléndidas rodeadas dun mar nidio.



Elexía máis aló de todo tempo:

Luísa Villalta

RUBÉN ANIDO REGUEIRO

Agora que estás máis aló da fronteira do tempo, nese lugar innominado e de esencias intactas, agora que o teu recordo, tan vívido, é como un lóstrego fugaz de luz tan variábel como o vento no mar axitado, escriboche, Luísa, estas liñas.

O mundo que deixaches non é moi diferente ao deste noso tempo —“o ser humano é sempre o mesmo, sexa onde sexa e estea onde estea”, soías sentenciar— e moitas das mágoas de hoxe ti xa as sentiches entón en numerosas ocasións, cando o mundo era máis novo e ti, coa túa voz cun fondo de lixeira timidez e difuso abandono, xa advertías dos perigos, entre os cales había para ti un especialmente preocupante: a desaparición.

Unha desaparición non só física, senón máis complexa, de orde espiritual. Porque todo, quizais, está condenado a esa desaparición, e máis se non facemos nada para o evitar. A memoria, esa palabra. Unha palabra veciña a esoutra tan querida para ti: conciencia. Porque, finalmente, as túas aulas no instituto de Sada eran, en definitiva, unha loita a brazo partido —unha loita dunha elegancia evidente tanto na forma como no contido, por outra parte— por procurar a chave coa que acender esa conciencia en todos nós, esa memoria, e os contidos, ao cabo, eran o de menos nas túas explicacións.



Luísa Villalta con Isaac Díaz Pardo no Instituto de Sada en xuño de 1994

Alá van xa quince anos cumpridos da túa marcha, mais a túa mensaxe segue a ter a vixencia de sempre: a arte, o amor, a loita contra o esquecemento, a procura da beleza da palabra... Contigo moitos aprendimos a medir os planos xustos da fermosura, da arte verbal, esa peregrina xeometría inzada decote de aristas, de praias remotas e de furnas polas que penetraba, sempre e en todo caso, un fíño de tenue claridade de cada vez máis grande, como unha revelación de asombro.

Fuches ti, Luísa, quen nos deu a coñecer os nomes ignorados de tantos e tan bos sadenses ilustres —“parece mentira que non saibades nada da vosa vila”, soías dicir, cunha recriminación leve acompañada dun sorriso—, e desde entón os nomes de Luguís Freire, dos irmáns Suárez Picallo, de Ricardo Flores e de tantos outros foron ancheando o noso horizonte; en consecuencia, tornouse imprescindíbel desde entón permanecer á espreita das palabras e dos feitos destes homes, reunidos baixo o paraugas dun galeguismo sempre novo e sempre axexante.

E de Sada a Galiza, esa palabra cantada por ti en mil extraordinarios hexámetros e en mil improvisacións, como algo infinito, como manancial inesgotábel. Tiñas a certeza nidia de estar a espertar a nosa sensibilidade, falases de Cunqueiro, de Manuel Antonio, de Rosalía ou de calquera outra figura das nosas letras. A literatura era para ti, como o é para moitos de nós, un bálsamo, un remedio para contrarrestar toda a mezquindade do poder, da especulación, do querer ter, do acumular, do non pensar nos demais, da fealdade, do despotismo, das falsas esperanzas, da mentira. Sempre nos dicías que os detentadores do poder, aquí e acolá, soen ser xente tan só preocupada polo seu medro persoal, polo ser rico e cada vez máis rico, e o pobre traballador, decote explotado, tan só ten a saída e mais a obriga de protestar formando antes o seu criterio, isto é, cultivando o seu espírito. En definitiva, o poder tan só é un espellismo, algo por completo falaz, e esta mensaxe quedounos gravada de xeito indelével.

Non sei se me estou a estender, Luísa, un algo de máis nesta sorte de elexía en prosa, mais cómpre dicir as cousas tal como son —con pracer e con dor— e asegurar que estes últimos quince anos, que terían de ser os da absoluta con-

solidación da túa obra, foron, pola contra, anos de silencio e, tamén, dunha orfandade inevitábel. Ti, Luísa, ías pola vida cun optimismo e cunha seguranza no porvir tal que, agora o vexo, mesmo a morte non é nada posta ao teu carón, tal se se tratase dunha sombra fuxidía a ser levada polo vento nunha ribeira imaxinada e de moito vento. Unha morte tan diminuída como arbitraria, cruel.

Marchaches xoven por seres querida polos deuses, Luísa, ti que sempre cuestionaches a súa existencia. Alí onde esteas has mirar para as cousas deste mundo tal como ti facías decote, con aparente, só aparente, distanciamento. O mar abrázate, Luísa, nun aloumiño azul e atlántico. Transparentes vagas de ar salobre chega até onde estás, debruzada como á espreita de algo cuxa natureza exacta ninguén coñece. Na túa face non se vislumbra máis do que serenidade, unha serenidade cun fondo de melancolía, e ás veces até é lícito pensar que extrañas a vida, os libros, o teu alumnado –máis atento ou máis disperso, isto é indiferente– e, tamén, tanto a cidade da Coruña como a vila de Sada. Quizais até extrañes o mundo todo, coas súas eivas e as súas inxustizas, tamén coa súa continua invitación á marabilla.

A música, a poesía. As dúas caras da mesma moeda. Hai algo en ti do Luis Pimentel co piano no ámbito doméstico, mais contigo soa, definitivo, o violín. Tocar o violín ten algo de exercicio amoroso, dunha fugacidade tan esencial como chea de sentido. A música, a poesía, a curiosidade, a experiencia, certa desazón xunto a unhas enormes gañas de vivir son, penso, o mellor retrato no que todos cabemos estando ti no centro.

Botando a vista atrás, o recordo das túas aulas no instituto sempre me fai sorrir. Un sorriso disimulado, franco e sincero. Non preparar as aulas era en ti algo simplemente fantástico, lembras? Chegabas, entrabas pola porta con ese xeito tan teu, con esa despistada elegancia, acomodabas as túas cousas –sempre levabas contigo algún libro para nós completamente descoñecido– e ameazabas con algunha reflexión sobre a actualidade, divagabas sen présa e, dunha maneira certamente hábil, acababas relacionando aquilo coa materia ou co libro que estabamos a ler no trimestre en cuestión. E todo de xeito ameno, sen evitar calquera polémica, enfrentándote á verdade ou, máis ben, á mentira, esa dilapidadora de vontades e certezas.

E velaquí estás, Luísa, moito tempo despois. A vida parece mentira, quizais a sexa. Probabelmente a vida sexa un corazón e máis nada: o tempo. Isto foi o que che faltou. Non sei se é certo iso de ninguén ser imprescindible, mais hai xente que precisamos, que nos fai falta, xente que, coma ti, tivo –e ten, falo en presente– de osixenar a realidade, de facernos soñar e, ante todo, de facernos pensar e sentir. Mais de nada vale laiarse, ti nunca o permitirías. De ti estares entre nós, recalcarías a necesidade de sermos fieis a nós mesmos, de non renunciar a nada, de pelexar polo noso, mais esta loita ha de ser, sempre e en todo caso, unha batalla elegante, cun certo recato, onde brillan con inusitada luz as ideas e falan, con algo próximo ao portento, as palabras.

Pouco máis hai que dicir. Ti xa o dixeches todo. Cómpre recoñecelo: aquelas palabras de teu seguen vivas non só nun eco desde o lonxe, senón en toda a súa substancia. Seguimos, con fidelidade, o teu camiño, un camiño de beleza e tamén de dor, pero camiño á fin e ao cabo.

Agora que estás máis aló da fronteira do tempo, permíteme, Luísa, que che dea, humildoso, as grazas por todo aquilo que nos diches.



RUBÉN ANIDO REGUEIRO naceu en Ínsua (Paderne) en 1979. Profesor de ensino secundario e alumno de Luísa Villalta nas aulas do IES Isaac Díaz Pardo de Sada, vén de publicar no ano 2019 o seu primeiro romance, *Que vén Kokolka!*


A tecedora de sons

CRISTINA ASENSIO FERNÁNDEZ

Dicir Luísa é dicir son que soa sempre
até o infinito son dos sons

En alternancia,
son do vento
do mar,
a mesma esencia
interpretada nun tráxico concerto grosso
nun futuro de nostalxias.

Violíns, violas, violonchelos
homoxeneidade tímbrica,
con suites e oberturas orquestais
tecendo a música
coa danza das palabras.
E palabras, e palabras e palabras



Cartaz da representación de *O Paseo das esfinxes* por parte dos alumnos do Instituto de Sada.

Luísa
Co sal do mar
Aderezaches cancións
que resoarán coa bravura salgada
das ondas
esfiañándose polas rochas
e escumando os versos
que se deslizan polos pentagramas

Noite
e día,
indo e vindo,
tecendo con voz vibrante
limpa do pó do século,
cun són certo, irrepetíbel
no ritmo cósmico das mareas.

Luísa
neste intre
soberbio,
diríxome nadando a aqueles Ontes,
sólidos e longos,
da xeración compartida,
dun tempo vivo, brioso,
de adagios ou allegros sen finale.
Chego ó cerne da memoria
esvaída na brétema das horas
e cerro os ollos
e escoito por fin o silencio
que se cobre de cor branca.

Coñecín a Luísa Villalta polos tempos do COU, porque era compañeira de clase no instituto Eusebio D’Garda de A Coruña dunhas amigas miñas. Anos máis tarde, en 1992 e xa como profesoras de Lingua Galega recalabamos ambas no instituto de Sada, que por aqueles anos era un centro de bachalerato e FP, coa especialidade de Cultivos Mariños, “o laboratorio da Señorita Pepis”, era así como o chamaba o profesor Manuel Crisanto. A partir deste ano, compartimos a mesma mesa de traballo. O primeiro departamento que tivemos estaba no primeiro andar e era unha peza ampla e luminosa. Nesa época faciamos a revista *O canto da rá*. Unha compañeira nomeouna así porque o instituto está na rúa da Lagoa. Uns cursos máis tarde reconvertiron o noso “despacho” nunha aula para dar clase e a nós trasladáronnos a unha peza situada na parte traseira do edificio, con vistas Ás Brañas e ó regacho. Así pois, comezamos a habitar un espazo de pouco máis de catro metros cadrados, situado nun sobrado e que era unha sorte de cabina cutre de *disk-jockey*, na que xusto collían a mesa e os libros amoreados nos andeis que forraban a única parede que se podía forrar. Todo o luxo que nos permitimos durante eses anos foi un radiocasette e unha pequena calefacción eléctrica que Luísa comprara por unhas mil quiñentas pesetas cos cartos do departamento, farta xa de pasarmos frío. Neses anos o instituto foi un pouco a nosa casa e alí realizáronse moitos proxectos, como o de poñer a andar a biblioteca, formar o grupo de teatro co alumnado, organizar clubs de lectura, recitais de poesía...

Unha das lembranzas máis ledas foi a festa que celebramos cando se lle puxo o nome de Díaz Pardo ó instituto e, por suposto, veu o propio Isaac a compartir esa tarde con nós, inesquecibel! Ese día tamén estaban presentes Marisa Naveiro e Carlos Vales, que aínda era profesor no IES e un dos promotores da idea de darlle ese nome ó centro. lembro que Luísa me arrincou das mans a cámara de fotos para facerme un retrato, un fermoso contraluz a carón dunha ventá da sala de profesores. A outra ocasión importante foi cando veu visitarnos Manuel María, en abril de 1998. Viña co seu libro de relatos *As ribeiras son escuras*. En Fontán, tivemos o gusto de compartir un bo xantar mariñeiro, mentres falamos, falamos e falamos. Villalta exerceu de anfitriño.

Unha das imaxes máis intensas é a de Luísa transportando o seu violino para o ensaio semanal na aula de música e os concertos que deu alí para grupos de alumnos e alumnas do IES. Lembro tamén a revista *Canle*, que facía cun grupo de rapazas e rapaces que ía mecanografada ou manuscrita e coas páxinas grampadas, con pastas de cartolina. A única cor que levaba a revista é que a cartolina era de cores, unhas eran verdes, azuis, marelas... e todas co mesmo debuxo feito a man na capa, unhas pegadas pasando por un camiño. No interior, máis debuxos e textos sobre calquera tema, poemas... e que zumegaba creatividade a máis non dar. Entre as últimas lembranzas está a súa felicidade cando lle concederon o XIII premio Espiral Maior polo seu poemario *En Concreto*. O día que llo comunicaron trouxo unha caixa enorme de bombóns Nestlé para invitarnos a todas, verdadeiramente estaba leda e nós con ela.

Cando nos anunciaron a desgraza da súa morte, mergullámonos en alma e corpo na organización dunha sentida homenaxe. No grupo de teatro do centro traballamos incansablemente para montar a súa obra *O paseo das esfinxes*, con alumnado de 1º de bacharelato, representada na Casa da Cultura de Sada como parte da homenaxe. Nós non tiñamos auditorio no centro e o concello permitiunos o uso, dándonos toda sorte de facilidades. Entre os actores estaba o noso alumno Manuel Pérez Lorenzo, quen ademais de interpretar gañaba todos os concursos literarios. A profesora e soprano Susana de Lorenzo fixo soar a súa voz de anxo e... O instituto enteiro, profesores, alumnos, familiares, amigos colaboraron de algún xeito. Todos, todos foron merecedores dun dez. Creo que Ela estaría orgullosa.

CRISTINA ASENSIO FERNÁNDEZ é profesora de ensino secundario. Compañeira de estudos e de traballo de Luísa Villalta no IES Isaac Díaz Pardo de Sada, á morte desta realizou diferentes homenaxes como a estrea da obra *O paseo das esfinxes* ou a publicación dun número da revista *A voar* dedicada en boa parte á memoria da poeta coruñesa.

A poeta da cidade alta

DANIEL CALVETE SUÁREZ

Resulta complicado ser breve falando de Luísa; un ser humano tan excepcional daría para escribir libros. Tenterei non alongarme.

Moitas rapazas e rapaces da miña xeración tivemos a sorte de tela de profesora no Instituto Isaac Díaz Pardo de Sada. Aquelas clases de literatura galega abríronos unha fiestra ao mundo, moito máis alá das fronteiras do noso país.

Luisa entendía que en todas as ordes da vida hai que comezar por comprometerse. Neste sentido, se tivese que escoller tres ámbitos de actuación nos que o seu compromiso foi absolutamente irrenunciábel, quedaría coa literatura, co ensino público e coa política.

A literatura era a súa vida, vivía para escribir e escribía para vivir. Cultivou todos os xéneros: teatro, novela, relato curto, artigos xornalísticos e, sobre todo, a poesía, un xénero que para ela ía sempre ligado á música o outro lado da poesía. Un día preguntounos en clase para que pensábamos que escribía a xente; unha compañeira respondeu que a xente escribía para formar parte da historia da literatura. Recordo que lle sorprendeu a resposta e lle gustou ao mesmo tempo. Para ela a literatura non coñecía fronteiras: de Rosalía a Lezama Lima, de Ferrín a Seamus Heaney. Todo era distinto e igual ao mesmo tempo, un idioma universal que tomaba formas diferentes en cada país, en cada cultura, complexo pero sinxelo. Ela sabía explicalo.



Cartaz do roteiro adicado a Luísa Vilalta o 16 de novembro de 2019 na Coruña.

Na defensa do ensino público coincidiu en Sada cun grupo de profesores extraordinarios e fomos moi afortunados asistindo ás súas clases ou ás de Manolo Crisanto. Emociona simplemente pensalo. Nunha ocasión díxonos que a igualdade real entre nós finalizaría ao deixar de estudar; o mundo ensináranos o cruel que pode ser o sistema e o xusta que era a escola pública. Imposíbel resumilo mellor. Lembro esas palabras cada vez que me teño que enfrontar a un problema. Aquelas clases eran moito máis que adquirir coñecementos: aprendemos a discutir, a debater, a respectarnos, a escoitar. Un verdadeiro luxo.

Deixo para o final o compromiso político. Nun momento en que a política está en horas baixas, figuras coma a de Luísa Villalta representan referentes máis necesarios ca nunca. Luísa era feminista, nacionalista e de esquerdas. Todos os mundos son machistas e o da literatura non escapa a iso, non era fácil abrirse camiño naqueles anos, pero ela logrou facelo e sempre presumiu da súa militancia feminista. Pensarmos naqueles tempos fai que valoremos aínda máis o moito que se avanzou grazas a mulleres coma ela.

Militaba no BNG, era respectada, apreciada e querida por toda a organización. Estaba por encima de sectores ou faccións. A súa admiración por Xosé Manuel Beiras era absoluta, a súa amizade con Pilar García Negro inquebrantábel. Coidaba moito as relacións persoais e non as mesturaba coas loitas políticas e tiña un concepto moi republicano da camaradería. Tamén nisto era extraordinaria.

Dar clase en Sada era un reto para alguén que defendía o idioma coma ela o defendía. Moitas compañeiras fixéronse monolingües en galego grazas a ela.

Non foi xusta a vida con ela, foise ao pouco de rematar *En Concreto*, o poemario que dedicou á súa cidade premiado co Espiral Maior de Poesía. Nel dicía que o seu nome era o da Cidade Alta. Non puido velo publicado.

Creo que Galiza ten unha débeda con ela, e a Coruña e Sada.

DANIEL CALVETE SUÁREZ foi alumno de Luísa Villalta no IES Isaac Díaz Pardo de Sada ademais de, andando o tempo, chegar a ser a súa parella durante dez anos.

Imaxes do roteiro
literario dedicado a
Luísa Villalta o 16 de
novembro de 2019.



Carta a Luísa Villalta

LOURDES MACEIRAS

Benquerida Luísa:

Aínda que non sei se podo dicirche benquerida ou sería mellor outro xeito de dirixirme a ti.

Síntoo moitísimo, de verdade. Eu non pretendía facelo, pero é a miña esencia, non podo vivir doutra maneira, e todo o mundo loita por seguir vivo.

Dende entón, deslízome polos símbolos negros sobre follas brancas, de letras e de notas, que teñen relación contigo. E percorro os teus ollos.



Coa súa nai e mais coa súa irmá

Voando cunha Modulación de Orfeu intento facer un Estudo das sombras entrando pola Rota ao interior do ollo. O que soa é Ruído? Non! É Música reservada, reservada En concreto ao meu espírito atormentado, e nela quedamos Apresados sen presa. E sinto, dende dentro, os teus ollos.

Aplico a Teoría de xogos para achar As chaves do tempo que me volvan levar a ti e así poder dicirche: Desperta do teu sono! E me dis que non, que tes un soño Novo do trinque. E eu berro: esperta! E ti me musitas ssshhh... Siléncio, ensaiamos! E sufro a ausencia dos teus ollos.

Busco a miña versatilidade e quero ser O representante teu que dea o Concerto para un home só creando unha Sinfonía de escenas. Pero ti andas por O paseo das esfinxes, sumida en As certezas de Ofelia. E non podo chegar ata ti e penso en situacións como Os doces anos da guerra, onde eu podería medrar. E dramatizo a escuridade nos teus ollos.

Quero escribir o Libro das columnas, ou reescribir O don Hamlet de Cunqueiro... Enxendrar a Poética dende A lingua dos sons, pasando Sobre un certo estado de conciencia, onde a esencia sexa A Música e Nós, que nos transporte ata atoparmos O outro lado da música, a poesía. E soan, na miña ecuación témporoespacial, os teus ollos.

Acariño o teu violino, sufrindo pola inxustiza vital mortal, querendo crear un ritmo musical neuronal que me devolva a ti. Que me devolva os teus ollos.

Baixo á terra. Baixo á terra.

Ah! E quero que saibas que odio ás vésperas asiáticas velutinas, pero aínda non conseguín saber como exterminalas... Poida que esnaquice a súa xenética nalgún momento. Síntome rozando os seus ollos polos bordos e introducindo o meu aguillón particular no globo mol. Ou achegándome ao seus ovos cun aquel de espírito sinuoso, aproveitando a miña aparencia de ovo de peluche con forma de cerebro, para esmagalos coa forza das miñas apertas. Que nonsense que a miña forma cerebral destruíra o teu cerebro e a túa vida! Síntome culpable ata o punto de facer algo pola vosa humanidade realizando o que eu sei facer ben: matar. Aprenderei como facelo. Estou nelo! E reinventarei os teus ollos.

Teu, a pesares de todo...

Meningococo C



Tradución do meningococés ao galego: Lourdes Maceiras

LOURDES MACEIRAS ten unha ampla obra literaria que abrangue a poesía e mais a narrativa, xénero este último no que destaca a súa produción dedicada aos máis novos. Dedicada profesionalmente ao ámbito da Sanidade, concretamente na Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Vigo, ten escrito numerosos textos relacionados con esta materia.

A Luísa Villalta

MARIÑA MACEIRAS



En París en 1991

O rítmico cantaruxar,
delas, das roibas sereas.

O ruxir da ruda guerra,
entre rochas e mareas.


O fluír dos grandes peixes,
sobre o suave ondear.

O esvarar das algas,
no azul do extenso mar.

O pesado e puro vento,
presente xa no pasado,
perpetuo e prolongado
que está co piar dos paxaros casado.

Pregunteille ao tempo:
—Que son eu para ti?
E respondeume con tranquilidade:
—Ti es só efémera.

Bágoa que escorre,
bágoa que esvara,
bágoa que percorre,
bágoa que me fala.



MARIÑA MACEIRAS naceu en Santiago de Compostela en 2005 e a pesar da súa xuventude xa ten gañado numerosos premios literarios, entre os que se contan o XXIX Concurso de Cuentos Noble Villa de Portugalete ou o II Certame de Poesía Torre de Caldaloba, entre outros moitos.

ANA PILLADO VEGA



En Roma en 1991

Sabía, sabía Luísa, navegar na nada
que é a infinidade do cosmos,
cun traxe de serea violinista,
maga do verbo líquido da Atlántida.
Barda bela, antiga Luísa,
sacerdotisa submarina,
sucaba as galaxias de ronseis espirais
na busca da cifra exacta
para tecer a harmonía das esferas.
Transformouse, radiante, en aguia
o día que emprendeu viaxe ao interior do ollo
e, dende entón,
o espazo foi claro do bosque
para intrépida camiñante do ceo.
Guerreira do clan da verdade,
aterrou nesta terra reverdecendo súas costas
co seu amor de estrelas conxugado.

Fermosa fada de mar, capitá Luísa,
na nao senlleira das mariñeiras bravas,
recalou nos portos de partos líricos
fiando fados coa rosa dos ventos.
Muller faro, irmá Luísa,
aperta lumínica que guía,
acompaña e inspira
disipando toda brétema.
Sempre.



ANA PILLADO VEGA (A Coruña, 1971) Dende o ano 2006 exerce como profesora de Lingua e Literatura Castelá no ensino secundario público. No eido das Artes, ten desenvolvido unha extensa traxectoria como ilustradora, pintora e ceramista. É autora de *Fábula Mater*, poema en 12 actos e os contos da colección “Lila Lilaina” (*Azul e Rosa*, *Carlota e o príncipe azul* e *Roi quere ser mamá*). En 2019 publicou a súa primeira novela: En efecto bolboreta

Vestir a cidade

MERCEDES QUEIXAS ZAS

Van aló tres lustros da perda física e para min a primeira lembranza, que había ser tamén a última, de Luísa Villalta (a)vólveme naquela tardiña inesperada e inxustamente derradeira. O encontro con Luísa derivaba sempre en conversa serena e global sobre literatura, música, escrita, docencia, feminismo, lingua, política... E aquela tarde de despedida cultura, lingua e política foron o noso común epicentro do camiñar sosegado poas rúas da nosa Cidade Alta de retorno dun encontro sectorial convidadas polo BNG.

Aqueles dous bicos seguen a sorrir hoxe, como un eco, en cada verso, en cada punto e á parte.

A proxección do seu paso polo noso tempo fica perenne no conxunto legado da súa obra poética, dramática, narrativa, articulística e ensaísta, mais tamén permeábel en múltiples iniciativas transversais que convidan a ollala desde diferentes arestas. O certame literario que leva o seu nome convocado polo IES Isaac Díaz Pardo de Sada, onde exerceu a docencia, o Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras convocado pola UDC ou o Concurso de Ideas Luísa Villalta de proxectos Culturais pola Igualdade, organizado pola Deputación da Coruña son algunhas das mostras que seguen a ensanchar o altofalante da súa voz propia e persoal.

Para alén do traballo creativo da nosa autora máis referencial da Coruña contemporánea, mesmo podería dicirse poeta traspasada pola propia cidade, a complicidade co seu tempo e co seu pobo fálanos dunha Luísa comprometidamente activa e copartícipe de colectivos que traballan, man a man, pola reparación e sostemento da dignidade do pobo galego e da identidade que lle dá razón de ser e estar no mundo gobar.

Moito levamos estrañado nesta última década, retrógrada e negacionista dos valores identitarios galegos, referentes intelectuais como Luísa Villalta. Canto precisamos a súa palabra tan formada como contundentemente medida!

A AELG foi un dos colectivos en que Luísa Villalta se implicou, non só como membro asociado, senón facendo parte activa do seu consello directivo entre 1993 e 2002.

A súa voz indócil e insubordinada, atemporal, retrata tempos e espazos locais, próximos, mais tamén por iso universais nunha lingua(xe) en permanente re(evolución), o que a converte, coa perspectiva do tempo, nunha das chaves renovadoras da poética galega após a década dos 90.

Ao longo destes xa quince anos medrados na despedida, mais non no esquezo, a AELG organizou ou colaborou naquelas aproximacións de (re)descuberta da poeta que respiraba a cidade *tatuada na pétrea pel do mar*.

Porque acreditamos en que cómpre revitalizar a entrega literaria *post mortem* para que o seu presente latexe de novo en cada verbo. Porque cómpre agradecer a xenerosidade de quen fixo súas as cores diversas do caleidoscopio da cidade invisíbel, de quen arrefriou a pel do pudor, de quen pulou por unha educación para pensar en igualdade, de quen amou a lingua de noso como un doce no padal.

Era preciso estender e colectivizar a aperta, esclarecer as sombras da amnesia cultural, irradiar a súa ollada profunda e intensamente certa máis aló de cada intimidade lectora ou de cada reminiscencia biográfica persoal, amplificar a súa afouta denuncia no amparo do débil fronte ao cronos devorador inhumano.

Recuperala, sempre, máis unha vez, no sostén da súa propia palabra, para continuarmos a (re)pensar o mundo contemporáneo.

O 28 de setembro de 2014, nos pasos do décimo cabodano, a AELG organizou a homenaxe *Volver a Luísa Villalta. No outro lado da Música, a Poesía*, consistente na descuberta dunha placa na casa onde viviu Luísa Villalta na Coruña e nun recital poético-musical celebrado no teatro Rosalía de Castro.



Con Francisco Pillado e Pilar García Negro na presentación de
O don Hamlet de Cunqueiro: Unha ecuación teatral, agosto de 1992

A cidade que alentou o ritmo vital e poético de Luísa volveu reler daquela a escritora e intelectual como un presente atemporal necesario.

Mais cómpre continuar a camiñar a distancia discontinua dos pasos da poeta desatando as tentacións do esquezo. Por iso, tamén a AELG promoveu e/ou acompañou en diferentes ocasións a organización de paseos literarios pola cidade para reconfirmar a sentenza da poeta: “Acabarei por facer do poema a biografía”. Camiñar sen medo a ser descubertas na paisaxe urbana dos poemarios *En concreto* e *Papagaio* acorda en nós eses espazos vivos da poeta en tránsito permanente.

“E o meio do camiño será un verso”. E por iso aínda máis unha cita popular había convocarnos na Cidade Alta, baixo o programa interdisciplinar “As chaves do tempo”, cun obxectivo múltiple: voltar ao reencontro dunha voz poética de profunda personalidade e pouso senlleiro, analizar o seu legado literario como herdo da brillantez creativa da renovadora poética galega após

a década dos 90, editar unha breve antoloxía da súa arte poética, demandar do Concello da Coruña a inclusión de Luísa Villalta no nomenclátor do rueiro urbano e concienciar da importancia de honrar a memoria literaria da poeta, por parte da RAG, como autora homenaxeada nun próximo Día das Letras Galegas.

Nesta altura todos os obxectivos están cumpridos agás o último. Con certeza, a excelsa valía do traballo literario asinado pola man de Luísa Villalta teimará por este recoñecemento xusto a unha obra medida cos fíos dos soños entretecidos nas mans do seu pobo, sempre querido e ás veces mesmo doído, vasos comunicantes que encabalgan música e palabra para trascenderen o pulso da súa *Música reservada* cara á harmonía versificadora de *Ruído* e o habitar *En concreto* da nosa cidade no desacougo vital dos desposos do *Papagaio*...

Transitar os nomes do que somos de onte a hoxe na travesía da luz coruñesa de arrecendo a salitre como segredo colectivo: “Os lugares gardan instantes humanos nos seus puños fechados”.

Os Castros, Labañou, o Peruleiro, o río Monelos, os Mallos, a Gaitreira, a Agrela, o Montealto, o Outeiro, as Moas, Santa Lucía, o Gurugú, o Camiño Novo, Santa Margarida, a Pescadería, a Porta de Ares, o Orzán...

“Os nomes somos nós”. E nós somos a cartografía da nosa cidade de luz que vibra no son do vento. Por iso reiteramos, unha e outra vez, tal e como nos aprendeu Luísa, co ritmo da ladaíña que brúa en cada buguina: “o meu nome é o da Cidade Alta” para sempre.

MERCEDES QUEIXAS ZAS naceu na Coruña en 1968. Profesora e escritora, ten publicado numerosos libros e traballos sobre lingua e literatura galega. Ensaísta cunha brillante produción, como creadora tense dedicado á poesía e mais á literatura infantil e xuvenil. Actualmente é secretaria xeral da AELG.

Pensamento e Teatro en Luísa Villalta

HENRIQUE RABUÑAL

A pesar de abandonar-
Anos moi nova, Luísa
Villalta deixou unha forte
pegada na cultura galega
como música, docente,
escritora e activista das
mellores causas na nosa
sociedade. Para sempre
quedarán as súas obras
Música reservada, *Silen-
cio*, *ensaíamos*, *O Don
Hamlet de Cunqueiro*:
unha ecuación teatral,
Ruído, *Rota ao interior
do ollo*, *Teoría de xogos*,



Manifestación en contra da moción de censura no
Concello de Sada en xaneiro de 2004. Luísa Villalta
aparece en primeiro plano xunto con alumnos e
compañeiros do IES Isaac Díaz Pardo

a tradución de *A Mandrágora*, *O outro lado da música*, *a poesía*, *As chaves
do tempo*, *En concreto*, *Libro das colunas*, *Papagaio* ou a súa *Obra dramática
completa*. Queremos neste traballo entrar nalgunhas claves do seu pensamen-
to inserindo un breve comentario da súa obra teatral utilizando como base
respectivamente o *Libro das colunas* e a *Obra dramática completa*¹ (2018).

¹ Usamos as abreviaturas *Concerto* (*Concerto para un home só*), *Representante* (*O representante*), *Esfinxes* (*O paseo das esfinxes*), *Guerra* (*Os doces anos da guerra*) e *Ofelia* (*As certezas de Ofelia*). As obras poden lerse na *Obra dramática completa*, ed. de Alexandrina Fernández e Lino Braxe (2018).

MODELO ECONÓMICO

Entre 2002 e 2004 Luísa publicou en *A Nosa Terra* as colaboracións reunidas no *Libro das Colunas* en 2005 con prólogo de X. Enrique Acuña. As grandes inquietudes da autora coruñesa e os alicerces do seu pensamento e praxe aparecen claramente elaboradas e son dunha actualidade radical.

A escritora preséntasenos como unha persoa de esquerdas, comprometida cun nacionalismo emancipador, feminista e defensora da liberdade sexual e moi atenta aos conflitos internacionais. Unha parte substancial do seu discurso xira en torno á crítica do modelo económico imperante, daquela coma hoxe neoliberal, que estimula a desigualdade e a depredación quer entre as persoas quer entre os estados e que patrocina as guerras. Estados incapaces de pagar a súa débeda e cadrar os seus números para atender as necesidades da poboación e estados e oligopolios que viven xustamente desa dinámica perversa.

Desde esa perspectiva é que contempla a dialéctica entre seguridade e liberdade, o devalo demográfico, o perigoso monstro da ambición, a existencia dun urbanismo especulador e selvático, as trampas da globalización e a contaminación, a ambigüidade do concepto de progreso, a erosión da democracia, a realidade da fame no mundo, as causas e consecuencias de doenzas como a SIDA ou a circulación dos produtos transxénicos.

Para Luísa non queda outra que opoñerse firmemente a ese modelo depredador. Ela propón unha cidadanía mobilizada que combata o fanatismo institucional (hoxe podemos falar de fanatismo constitucional?), espellada na contestación cívica nacida a raíz da catástrofe do Prestige, que loite contra a dereita polo acceso igualitario á riqueza, que cuestione o modelo centralista do noso estado.

A escritora anima a perdermos o medo e exercermos a dignidade porque Galiza depende de nós. É preciso conquistarmos áreas de poder para defender os intereses das maiorías. Non abonda cunha esquerda superficial e menos se estiver dividida, precisase unha esquerda verdadeiramente transformadora e un tecido sindical á altura do desafío.

Por iso saúda o nacemento de Esculca. Observatorio para a defensa dos dereitos e liberdades garantidos nos tratados internacionais e na nosa constitución, que propón separar o estado da igrexa, amparar as persoas migrantes, defender os dereitos económicos, sociais e culturais ou incentivar a participación cidadá. Hoxe Esculca denuncia a represión policial en Cataluña ou Chile, a violencia sexual ou os crimes de Israel contra o pobo palestino.



Nunha homenaxe a Manuel María en 1995

Na súa obra *Guerra* cremos entender alén da evocación dunha relación amorosa entre David e Silvia, unha crítica ao que supuxo a transición e as súas consecuencias, na lembranza da represión policial, na derrota do idealismo revolucionario que deu lugar a unha sociedade pragmática e materialista que propugna o triunfo social, que non tolera o exercicio pleno da liberdade e produce opinións e actitudes tan machistas ou malévolas como as da Case Anciá.

LINGUA, LIBRO, CULTURA

Na súa tripla condición de escritora galega, música e profesora, Luísa é unha defensora da nosa lingua, como piar da nosa identidade. O seu desprezo e abandono constitúe para ela un caso paradigmático de alienación que debemos combater. Por iso celebra, por exemplo, a loita que na comarca do Bierzo vén desenvolvendo o colectivo Fala Ceibe. Censura que os daquela alcaldes de Vigo e A Coruña neguen a lingua de noso, e está atenta ás mudanzas normativas que se realizaban naqueles anos.

Luísa era unha amante dos libros e da felicidade que achegan, unha bibliópata militante. Lamenta a desaparición da *Guía dos Libros Novos*, e defende o libro para levar as contas pendentes, para poñer ao ar as feridas, e as librarías como un espazo privilexiado para alimentar ese diálogo que os libros propoñen. Luísa interrógase xa como autora polo complexo acto da escrita e os seus fundamentos, entende a poesía como válvula de emerxencia e resistencia cando todo falla, e vincúlase aos grandes poetas nacionais como Manuel Antonio, Manuel María, Avilés de Taramancos, Margarita Ledo ou Xela Arias.

Na obra *Concerto* hai unha reflexión moi profunda sobre os límites da arte. Na arte, que é ao tempo algo novo e idéntico, mestúranse o coñecemento, a vaidade e a gloria pero ao final todo artista ama e sofre polo conxunto da humanidade. Ese e esa artista vive unha soidade desde a que exercer o seu deber e cumprir a súa relación dialéctica co público. Ese e esa artista por quen circula a vergoña, o abismo, o medo, a envexa e onde se confunde o real e o imaxinario.

Para ela, temos que desenvolver unha cultura crítica, comprometida, respectuosa co pasado, e aberta ás mitoloxías. Daí que coordinase, por exemplo, a área de revisión histórica e análise crítica da cultura no Foro da Cultura Galega. Un Foro que dedica especial atención a outro tema estelar: a función e o funcionamento dos medios de comunicación. E ligados a estes asuntos, os problemas sempre polémicos da educación, para algúns entendida como negocio, para Luísa un motor principal de corrección de desigualdades e de patrocinio de valores democráticos. En *Ofelia* entre o grupo de escolares hai un que non sabe xogar, carece de imaxinación, e tamén se dilucida o contraste entre o destino e a vontade.

Na súa obra *Esfinxes* hai unha dialéctica entre o paseo e un camiño enigmático onde se perden os que aman e que Lísis debe percorrer aínda sen saber onde a leva. Lísis agarda por un amor que non chega. Tamén existe unha disputa entre o masculino e o feminino, entre pais e fillos, vellos e novos, mestres e alumnos, entre o amor e o desamor. Entre obedecer e ser libre, unha das mensaxes importantes dos seus textos.

CODA


Toda a obra de Luísa está impregnada dun discurso ético. Así na súa peza *Representante* evidénciase a dobre vida do representante que finxe ser actor e que vive na mentira. En *Ofelia*, Ofelia sempre está namorada, busca a súa propia vida, vai casar, defende as mulleres libres que non nacen para casar e como regalo de voda, pídelle á avoa emblematicamente os seus recordos.

Luísa Villalta estaba tan preocupada polo que acontecía en Sada, onde traballou, como polos conflitos que se vivían en Palestina, Afganistán ou Iraque, con aquela invasión alentada polo trío dos Azores que ela condena. E exerceu sempre, en múltiples actividades, como unha galega consciente e comprometida, ligada a unha historia política que vai de Alexandre Bóveda a Xosé Manuel Beiras, como unha escritora brillante que estará para sempre na memoria e no corazón de quen tivemos o privilexio de tratala e querela.

A Coruña, 23 de decembro de 2019



HENRIQUE RABUÑAL naceu en Pastoriza (Arteixo, A Coruña) no ano 1962. Escritor e profesor. Doutor en Filoloxía Galega pola USC e catedrático de lingua e literatura galegas no IES Ramón Menéndez Pidal da Coruña. O seu último libro é *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra* (Galaxia, 2020).



Cartaz da representación da obra de
Luísa Villalta *O paseo das esfinxes* a cargo
de Lino Braxe.



Grupo de alumnos do IES Isaac Díaz Pardo na representación da obra
O paseo das esfinxes.

Das nocturnas auroras

(Na lembranza de Luísa Villalta)

XAVIER SEOANE

Tiñas un lene azul sobor das horas
máis lentas e as redomas máis durmidas,
pero xa o teu país son as feridas
bolboretas nocturnas das ardoras.

Houbo na túa vida un sol de amoras,
palabras como rolas perseguidas,
saías de araxe e luz, estremecidas
cestas de abellas virxes e sonoras.

Só vexo, agora, o voo das escuras
avelaíñas nun branco lenzol
e un violín a boiar nun mar de loito.

E miro eses areais de augas tan puras
mais non vexo vagar de algún remol
nin o concerto azul da noite escoito.



Luísa en 1993

XAVIER SEOANE naceu na Coruña en 1954. Aínda que no conxunto da súa obra salienta moi especialmente a produción poética, tamén se ten dedicado á narrativa e ao ensaio. É un dos membros máis destacados da chamada Xeración Poética dos Oitenta.

Luísa Villalta, en concreto

XURXO SOUTO

*“Onde nós nunca pasan os trens
Só chegan ou parten
Por iso tamén somos nós
a nosa última estación
o noso amor definitivo”*



Aí principia o poema “Estación”, do seu libro póstumo, *En concreto*, onde Luísa se identifica en plenitude cun gran espazo poético: A propia Coruña.

Tiven a honra de participar na presentación desta obra. Foi na Feira do Libro, agosto de 2004, nos xardíns dos Cantóns. Ese predio de natureza humanizada pola palabra, o lugar que a propia Luísa elixira, como lle indicara, poucos días antes da súa morte, ao seu editor, Miguel Anxo Fernán Vello.

Como Manuel María, *Terra Chá*, ou como acontece co Courel, n’*Os Eidos* de Novoneyra, Luísa Villalta tamén atopou o seu espazo literario, impulso definitivo e definidor do seu eu poético. Ese territorio estaba moi perto, era a súa propia cidade, *En concreto*.

A obra de Luísa é fecunda e pluriforme. Gozosa compañía que transcende no tempo. Dende hai anos adoito dar paroladas onde resumo a historia da literatura galega a través da música popular, seguindo o índice do seu ensaio *O outro lado da música, a poesía*. Tratado de luz, que debería estar presente en todas as aulas.

Mais permítanme que esta vez, a miña achega na súa homenaxe se centre nos versos deste libro, *En concreto*. Acudindo á vella “Ruta do Siboney”, e a

esa paixón compartida coa propia Luísa, que nos une a miles de coruñesas e coruñeses directamente con Sada.

Contábao Uxío Novoneyra. Despois duns anos de estadia en Madrid, retornou ao Courel para se recuperar dunha enfermidade. Foi entón cando principiou escribir en galego. Até entón fixera poesía de vangarda. Mais agora a súa sensación non era de creatividade, parecíalle que só estaba a transcribir a cántiga elemental que bouraba dende sempre neses outeiros. Estaban a nacer os primeiros poemas d'*Os Eidos*. O escritor encontrara o seu espazo. Non unha fermosa paisaxe externa que describir. Senón algo moito máis profundo: esa parte do cosmos que definía en plenitude o seu ser.

“Cidade tatuada na pétrea pel do mar”, a auga do Orzán tróuxolle a Luísa a mesma revelación. Como moitas artistas do seu tempo tivo a necesidade de romper, de marchar, de rachar simbolicamente co útero e definir unha nova identidade diferente a ese mundo provinciano do tardo-franquismo no que fora educada.

A viaxe foi longa, e especialmente intensa. Procurou a harmonía en *Música Reservada*. Tamén tripou territorios de dor e desacougo no seu libro *Ruído*. Tras da gran iniciación, chea de sabedoría, atreveuse a mirar no espello, e descubrirse a si mesma na Cidade.

En Concreto é xa, para sempre, o grande poema da Coruña. Esa música de mar, luz e vento, que latexa constante baixo o boureo dos tópicos. A Coruña que, de tan fecunda, mesmo perde o seu nome para se transformar na Cidade por excelencia.

Non renunciou a ningún dos seus referentes, mesmo aos máis humildes. Por iso, na primeira lectura os nosos ollos quedan enguedellados no “negro das garavatas”, na elegancia do “Perchas”, nas augas invisibles do río de Monelos, ou nese poema que ten a forma do Obelisco e que efectivamente Obelisco se chama.

Pero non nos despistemos. A palabra de Luísa é iniciación e coñecemento. Traspasa a etiqueta do localismo ao uso dos que pretenden posuír á Coruña

en exclusiva. Enfróntase directamente contra esa prepotencia que permitiu derrubar o Asilo de Adelaida Muro –as galerías máis grades da cidade– para construír apartamentos de luxo. E denuncia a ignorancia cómplice que non quixo ver – entre tanta aparencia e *oropel* – o vertedoiro de lixo que estaba a medrar nas nosas costas.

Non, a Cidade de Luísa é moito máis grande, moito máis antiga:

*“nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería ela un leito de sereas”.*

Milagre cotiá, *“onde a luz e o mar se están orixinando mutuamente”*, cidade chea de vida, que quere reinventarse cada día, tamén na face de todos os vindeiros....Eis a súa elección: ela mesma, a súa mellor herdanza.

*“Mírate, mírame, mírate en min
e escóllete
escolle como te amo”*

O Grelle, os Castros, Riazor, Labañou, Peruleiro, os Mallos *que mallan*, a Gaiteira, a Agrela, o Montealto, o Outeiro e as Moas... palabras esquecidas de tan próximas –*“olvidadas”* en expresión da poeta– que agora, *En Concreto*, recuperan a plenitude para se converter en profecía. Porque...

*“Os nomes somos nós
e cando acenden os seus rótulos atávicos
as aspas dos muíños derrubados
marmullan o farelo afirmativo do futuro”.*

Luísa unha muller que cambiou, que segue a cambiar o mundo para mellor coa forza da palabra. Mellor dito, unha muller que pousa música onde había ruído.

Nun exemplar do libro de relatos *Silêncio ensaiamos*, regaloulle a Celso Béjar, o seu mestre de violino, esta dedicatoria: *“A Celso, porque hai que vibrar o silencio como me dixo”*. Aí fican, pois, os seus versos a iluminar o silencio.

Ou como dixo, no seu enterro en Santo Amaro, Manuel María –citando a Iglesias Alvariño– no final da fermosísima despedida que lle dedicou:

Luísa Villalta, velaí segue a súa palabra “*unha saudade que dous mil anos viva*”.

VERSOS PARA UNHA POETA

Rescato aquí un petisco da presentación, ano 2004, de *En Concreto* na Feira do Libro da Coruña, nos xardíns do Recheo. Versos de Sofía de Labañou para Luísa Villalta.

Por aló vén unha muller...que leva os ollos.

Vén tocando no violino unha canción de auga morna

toxo bravo, luz mañanceira, man curandeira, flor bonita

... é Luísa espantando o candongo do nós.

Aquí estamos cunha muller que leva as cabezas,

mentres na súa tece fío gordo, cabo torto

lenzo preto, corda cantareira, doce arañeira

... é Luísa enredándonos no seu seo.

Por alí vai unha muller

que leva os ollos e enchoupou as carnes,

que levou as cabezas e impregnou as almas.

Por aí vai ...e nós que?

XURXO SOUTO naceu na Coruña no ano 1966. É quizais un dos autores máis polifacéticos da cultura galega actual, pois se ten dedicado á música, á radio, á televisión e, por suposto, á literatura. Ten publicado tanto libros de relatos como novelas. Así mesmo, é un coñecido activista cultural moi vencellado aos novos artistas no eido da música.

Memória Espiral da Música

XAVIER VÁSQUEZ FREIRE

à Luísa Villalta, in memoriam

do teu fino pensamento regressava sempre a forma imperceptível da razão,
rua aberta do olhar que se prende aos meus dedos na distância.

a amizade crescia como árvore, rio ou estrada sem fim,
e a luz pairava ao longe sobre a sombra de um outono só teu.

*penso, dizias-me, que o tempo se transforma nas tuas palavras
como uma extraviada música amarela. eis o engado: percurso
e ritmo onde a fonte se enche de melodias que são feitiço audacioso.*

do teu rosto sereno transvasava-me sempre o olhar sonoro,
a música destilada, o perfume penetrante, a carícia entre silêncios.

em ti a voz era um presente devastado um campo aberto uma flor estremecida, o mar.
em ti o olhar era a forma centrípeta da música, espiral do devir absoluto, o céu.
porque a vida é trágica como uma pomba silenciosa, uma dor que não se esconde.
mas os teus braços nasceram para serem pontes de cristal projetadas sobre o tempo.

por isso, à beira-luz da tua memória nasce sempre uma nova e delicada melodia,
águas precipitam-se nos teus olhos como fervenças luminosas, e a tua voz se estremece
como uma janela aberta na saudade, um cais escondido, uma mão inaudita, a música.

XAVIER VÁSQUEZ FREIRE é Licenciado em Língua Portuguesa e Língua Espanhola. Na actualidade é professor de Língua e Interculturalidade. Poemas seus foram publicados na antologia *Das sonoras cordas*, e na revista online *Série Alfa*, entre outras.

O outro lado da música, a poesía

MONTSERRAT YOLDI SANMARTÍN

A relación entre música e poesía é un dos temas que podemos considerar axiais na obra de Luísa Villalta. Dedicoulle catro traballos de distinta extensión, pero, sen dúbida, o máis completo e fermoso é o publicado no ano 1999 pola editorial A Nosa Terra, *O outro lado da música, a poesía*.

Xa desde o título podemos intuír que, ademais do coñecemento e a capacidade didáctica para transmitir de maneira doada conceptos e procesos que non o son, tamén nos espera a Beleza, si, agochada nun xénero como o ensaio que asusta a moitos posibles lectores que imaxinan dificultades de comprensión insalvables e aborrecemento asegurado. Desde logo, non é este o caso.

Dunha forma tan sinxela como eficaz, sitúanos Luísa desde a primeira liña no momento en que agroma a humanidade, nun tempo indeterminado que ningún especialista puido concretar: “Calquer que fose o principio de todo”. Logo comeza a enfiar unha serie de conceptos –ruído, vibración, espazo, tempo, ritmo, intención expresiva... e chegamos á cerna da cuestión, a combinación de todo o anterior lévanos á música, pero tamén á palabra. Música e palabra existen desde o principio, collidas da man. A palabra posúe unha utilidade evidente, pero a música conserva certo grao de misterio que non é fácil desvelar. O ruído é indicio dunha presenza –un tigre, unha tormenta, unha persoa–. De entre todos os ruídos, a voz humana transmite significados a través da palabra e foi o primeiro instrumento musical. Na cultura occidental música e palabra combínanse nunha forma artística que chamamos poesía.

A interdependencia entre música e poesía, que xa é evidente para os gregos, consérvase nas culturas romana e medieval. A partir do século XV prodúcese a separación de ambas artes. Co paso da comunicación oral á escrita, o nexo

de unión entre palabra e música, o son, non desaparece, aínda que aparentemente recúe. Ao longo da historia da literatura os textos poéticos veranse influídos constantemente pola música.

Logo destas reflexións, inicia un percorrido pola historia da nosa literatura. Comeza analizando as cantigas medievais, o seu contexto social e a relación coa música, que é unhas veces directa e outras máis sutil, pero está presente xa desde o nome do xénero.

No remate do período medieval, achegándonos ao Barroco, detense a analizar o tema dos vilancicos e fai unha distinción fundamental entre os vilancicos de galego cun pastor como personaxe exótico, que acadou certa sona na península, dos vilancicos en galego, tardíos e achegándose ao século XIX.

No Rexurdimento, a gaita convértese en símbolo tanto de Galicia como da nosa lingua e, aclara Luísa, isto só puido ser posible grazas ao apoio da literatura. En *Cantares Gallegos*, música e poesía recuperan a primitiva unidade na que se mantén vivo o espírito do pobo.

Curros seguindo o camiño da cultura popular e Pondal evocando o sons da natureza e considerando o canto do bardo instrumento privilexiado de transmisión das mensaxe ao seu pobo, seguen acompañando os seus versos da música.

Xa no século XX Manuel Antonio, buscou romper os modelos poéticos da tradición na procura vangardista de novas formas. Polo que se refire aos motivos musicais do noso folclore e da música culta da burguesía, tentou tamén



No IX Galeusca, en Donosti, 1994



desmitificalos seguindo unha traxectoria similar. Vangarda poética e musical serían o seu horizonte, compartido por outros artistas de disciplinas e culturas diferentes que procuraban nesta altura unha nova maneira de facer arte.

Eduardo Blanco
Amor publicou en Bue-

nos Aires o poemario titulado *Poema en catro tempos*. A poesía dá un paso cara á obra teatral, apoiándose na música que lle presta a estrutura e o ritmo. Está concibida como homenaxe poética á ópera de Wagner *O ocaso dos deuses*.

Nestes anos trinta, Álvaro Cunqueiro tamén amosa o seu anxeio renovador e mira ao mundo medieval, tanto nos modelos poéticos como nos musicais, que lle servirán para afastarse da tradición. A isto cómpre engadir o surrealismo que chega da man de André Bretón e que irá impregnando os poemarios desta época e que se poden rastrexar na prosa posterior do autor mindoniense.

Case no remate do traballo, Luísa analiza os poemas galegos de Federico García Lorca. Os seis textos teñen unha forma musical de aparente inspiración popular, pero baixo esta superficie latexa a pulsión surrealista, como en Cunqueiro.

Neste longo percorrido, poesía e música fóronse acompañando no inicio, influíndo constantemente e finalmente afastáronse, concentráronse en si mesmas... Pero o son inicial que se fai música e tamén palabra conseguiu que se procurasen de novo e que finalmente se volvesen atopar.

O libro lémbra-nos unha sinfonía coral na que a música intensifica a mensaxe da palabra interpretada polo coro e proxéctaa, con ese seu poder de penetración, cara aos recunchos máis afastados da alma humana.

Convido a achegarse a este libro a calquera persoa que guste das artes. Léano cos ollos pechados; déixense levar polo recendo dun alalá que os transporte ao momento primeiro, ese en que o ruído se fixo canto contido nun poema. Percorran coa xema dos dedos a superficie dos versos e poderán atopar rimas enredadas nas cordas dunha zanfona; metáforas que vibran ao ritmo dun *allegro*; gaitas que levan no seu fol o riso e o pranto do pobo; e, quizais, a Rosalía procurando “estrañas, insólitas harmonías” nas teclas do seu piano...





MONTSERRAT YOLDI SANMARTÍN é profesora de ensino secundario e poeta. Ten publicado dous poemarios, *Coas pálpebras baixas* (2013) e mais *Cinsa na boca* (2017). A súa é unha poesía de palabra incisiva, mesmo espida ás veces, na que subxace o amor á creación dun mundo tan persoal como evocador.

Silêncio, eusáiamos!
dixos Ela
desenfundando o violino
ao ritmo
do compás binário dos seus dedos.

Presto! a partitura,
Johann Sebastian,
andante ou andantino,
pincelando a canção
de vozes policromas
da man
do Fintór de sinfonías.

C. Flávio, 2005



cadernos da @ esco- la dramática galega

N.º 85 - Maio, 1990


Sta. Teresa, 18-baixo

Administración: XOÁN M. LÓPEZ EIRIS Coordinador: MANUEL LOURENZO

Director: FRANCISCO PILLADO MAYOR

MONÓLOGOS I

Jenaro Marínhas del Valhe
Xosé Luis Martínez Pereiro
Imma A. Souto
Luísa Villalta



cadernos da @ esco- la dramática galega

N.º 88 - FEBREIRO, 1991

Sta. Teresa, 18-baixo


Administración: XOÁN M. LÓPEZ EIRIS Coordinador: MANUEL LOURENZO

Director: FRANCISCO PILLADO MAYOR

LUÍSA VILLALTA

O PASEO DAS ESFINXES

Música: PAULINO PEREIRO



CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

- n.º 1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» · M. Pérez Lorenzo
- n.º 2 - «As letras e o mar» · M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo
- n.º 3 - «As letras e as festas» · E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo
- n.º 4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» · A. López Soto, M. Pérez Lorenzo
- n.º 5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» · M. Pérez Lorenzo
- n.º 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · M. Gayoso Barreiro
- n.º 7 - «Palabras de Nadal e Aninovo» · R. Suárez Picallo N.º Extraordinario - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» · Xosé Díaz
- n.º Extraordinario - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» · Xosé Díaz
- n.º 8 - «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República» · AA.VV.
- n.º 9 - «Homenaxe a Juan Carlos Medal "Jaitos"» · AA.VV.
- n.º 10 - «As letras e as festas II» · M. L. Freire-Calvelo, X. A. Suárez Picallo
- n.º 11 - «Francisco Varela Posse. O fotógrafo de Sada» · F. Pita Fernández, M. Pérez Lorenzo
- n.º 12 - «Ricardo Flores. Sempre en Sada» · M. Pérez Lorenzo
- n.º 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. Lúgrís Freire, M. L. Freire-Calvelo N.º Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.
- n.º Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.
- n.º 14 - «Carnoedo na historia: textos e documentos» · AA.VV.
- n.º 15 - «O Entroido en Sada. A comparsa "Os Maleantes"» · AA.VV.
- n.º Extraordinario - «Chovía en Boisaca. Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- n.º Especial - «Mariñana, unha revista ilustrada na Sada de 1925» · Xesús Torres Regueiro.
- n.º 16 - «O Entroido en Sada: as comparsas "Os Broas" e "Os Pequeniños"» · AA.VV.
- n.º Extraordinario - «Pombas e mazás. Palabras para Isaac Díaz Pardo no III cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- n.º 17 - «Edificio "La Terraza" de Sada» · C. Fernández-Gago
- n.º 18 - «O Entroido en Sada. Comparsas do ano 1929» · AA.VV.
- n.º 19 - «Inundacións en Sada: consecuencias locais de fenómenos climáticos globais» · R. Carballeira Coego
- n.º Especial - «As sete Terrazas de Sada» · J. R. Soraluce Blond, Laura Bouza
- n.º Extraordinario - «Opúsculo agradecido. Palabras para Isaac Díaz Pardo no IV cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- n.º 20 - «A praia de Sada - I. Area, fango e orixe xeomorfolóxica» · R. Carballeira Coego, Á. Alonso Millán
- n.º 21 - «A praia de Sada - II. Evolución histórica recente» · R. Carballeira
- n.º 22 - «A praia de Sada - III. Natureza» · R. Carballeira Coego
- n.º 23 - «O Entroido en Sada. Comparsas do ano 1982» · AA.VV.
- n.º 24 - «Mimina. Unha vida ao servizo da cultura galega» · AA.VV.
- n.º Extraordinario - «Bo e xeneroso: Palabras de Isaac Díaz Pardo no V cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- n.º 25 - «Homenaxe a Xosé Neira Vilas, amigo e grande escritor» · J. Martínez-Romero, A. Blanco Torrado
- n.º 26 - «O Entroido en Sada. Os Meiguiños de Fontán. Ano 1987» · AA.VV.
- n.º 27 - «Conferencias pronunciadas por los señores Eduardo Blanco Amor y Ramón Suárez Picallo» · AA.VV.
- n.º Especial - «O Mosteiro de San Salvador de Bergondo: Vida e conservación» · María Lidia García Cotos e José Ramón Soraluce
- n.º 28 - Unha conferencia sobre o pintor Lloréns
- n.º Extraordinario 7 - «Homenaxe a Isaac Díaz Pardo no sexto cabodano» · AA.VV.
- n.º 29 - «O legado imperecedouro de Eduardo Rivas»
- n.º 30 - «O entroido en Sada. Os Meiguiños de Fontán. Anos 1988-1989»
- n.º 31 - «O entroido en Sada. Os Curretas de Fontán. Anos 1993-1994»

Edita



A. C. IRMÁNS
SUÁREZ
PICALLO

Colabora



Deputación
DA CORUÑA

